

**GUILLERMO  
CARBAJO**

**LAURA  
MÍGUEZ**

**FERNANDO  
GONZÁLEZ**

**SHEYLA  
FARIÑA**



REDRUM TEATRO PRESENTA

# UN HOME CON LENTES DE PASTA

UNHA COMEDIA DIRIXIDA POR **ALEX SAMPAYO** ESCRITA POR **JORDI CASANOVAS**

VESTUARIO E CARACTERIZACIÓN **MARÍA ILLOBRE** PERRUQUERÍA **NOÉ MONTES** DESEÑO ESCENOGRAFÍA **REDRUM** CONSTRUCCIÓN **ESCENOSÉT**  
ILUSTRACIÓNS **EL CHICO LLAMA** ESPAZO SONORO **DAVIDE GONZÁLEZ** DESEÑO ILUMINACIÓN **CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO** PRODUCCIÓN **REDRUM**  
TRADUCIÓN, ADAPTACIÓN E DIRECCIÓN **ALEX SAMPAYO**



Xacobeo 2021

COA COLABORACIÓN DE



COMPAÑÍA ASOCIADA A



WWW.REDRUMTEATRO.COM

## o espectáculo

*Un home con lentes de pasta* foi estreado na Sala FlyHard en Barcelona no 2010, dirixido polo propio autor Jordi Casanovas. A pesar de que xa transcorreu unha década, esta peza está máis de actualidade ca nunca, afondando na exploración do ser humano e nas súas relacións persoais.

Neste espectáculo, Casanovas xoga maxistralmente cos mecanismos da comedia, bebendo de fontes moi diversas como Woody Allen, na súa pericia á hora de retratar relacións de parella; Ionesco, no absurdo e cruel comicidade; e outros directores teatrais coetáneos como Alfredo Sanzol, que domina ese aire fantástico ou realismo máxico que introduce nalgunha das súas pezas, partindo dun trazo fundamental da comedia: a verdade. Mencionar tamén a popular historia de H.C. Andersen, *O traxe novo do emperador*, que advirte ao espectador da importancia de pensar por un mesmo e prestar ollo aos estafadores que nos rodean.

Toda esta miscelánea referencial compón unha comedia que bebe doutros xéneros como o suspense e o terror, tan inusitado nos escenarios actuais. Un espectáculo xenuíno e divertido que conta tamén cunha segunda capa de profundidade. O escenario no que vivimos e no que precisamos proxectar unha imaxe determinada de nós mesmos. Non abonda con ser, senón que é necesario parecer. Isto provoca unha presión constante por estar á altura das circunstancias e cumprir rigorosamente coas convencións sociais.

Unha peza que se burla do esnobismo literario e que nos convida a ser auténticos a través da posta en valor do sinxelo e o inocente. Unha comedia para todo tipo de público adulto que se deleitará na sátira dun falso erudito.

## alex sampayo - director

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, *A Pensión* (2009). Logo virían os musicais infantís *Moito Conto* (2011), *Roedores* (2014), *A Nena Que Quería Navegar* (2016), *Contos do Recreo* (2018) estes tres últimos nomeados nos María Casares a Mellor Espectáculo Infantil. As comedias *Curriculum Vitae* (2012), *Amor Flexible* (2013) e *Noiteboa* (2015) polo que obtivo dobre nomeamento nos premios María Casares nas categorías de Mellor Dirección e Texto Orixinal e máis recentemente *A Canción do Elefante*, adaptación do texto *Elephant Song*, do canadense Nicolas Billon. No ano 2019 estreñou *IDIOTA*, comedia negra tamén de Jordi Casanovas e no 2020 *O mozo da última fila* de Juan Mayorga

## jordi casanovas - autor

Dramaturgo e director teatral. Director da compañía FlyHard, da que foi fundador, dende 2005 ata 2013. Fundador e director artístico da SALAFlyHard dende a tempada 2010/2011 ata 2013. Profesor de dramaturxia no Institut del Teatre desde 2009.

Escribiu unha treintena de textos teatrais, entre os que destacan *Una historia catalana*, *Un hombre con gafas de pasta*, *Cena con batalla*, *La Revolución*, *Lena Woyzeck*, *La Ruina*, *City / Simcity*, e *Wolfenstein*. Obtivo o Premio Ciudad de Valencia por *Estrells*, o Premio Ciudad de Alcoy 2005 con *Beckenbauer*, o Premio Marqués de Bradomin 2005 con *Andorra* e o Josep Robrenyo 2002 con *Las mejores ocasiones*. A triloxía composta por *Wolfenstein*, *Tetris* e *City/Simcity* recibiu o Premio da Crítica de Barcelona á revelación da tempada 2006/07, o Premio Crítica Serra de ouro ao mellor texto teatral de 2006 e nomeamentos aos Premios Butaca e os Premios Max. Premio Butaca ao mellor texto teatral de 2009 por *La Revolución*. Premio Time Out á mellor obra de 2011 por *Un hombre con gafas de pasta*. Premio Butaca ao mellor texto teatral de 2011 por *Una Historia Catalana*. Premio Ciudad de Barcelona de teatro para *Patria*. Na actualidade acaba de estreñar no Teatro Pavón Kamikaze os espectáculos *Port Arthur* e *Jauria*.

## guillermo carbajo

"Pratos Combinados" TVG  
"O mozo da última fila" Redrum Teatro  
"Contos do Recreo" Redrum Teatro  
"A Canción do Elefante" Redrum Teatro  
"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro  
"Noiteboa" Redrum Teatro

## sheyla fariña

"Acacias 38" Serie TVE  
"Serramoura" TVG  
"Invisibles" Redrum Teatro  
"A conquista da escola de Madhubai" Teatro do Atlántico  
"Contos do Recreo" Redrum Teatro  
"Roedores" Redrum Teatro

## fernando gonzález

"Valeria" Serie Netflix  
"Resaca" IIMaquinario Teatro  
"Perplexo" IIMaquinario Teatro  
"O home almofada" IIMaquinario Teatro  
"Glass City" Teatro do Noroeste  
"Romeo e Xulieta" Teatro do Noroeste

## laura míguez

"María Solinha" Ignacio Vilar  
"Resaca" IIMaquinario Teatro  
"Perplexo" IIMaquinario Teatro  
"O home almofada" IIMaquinario Teatro  
"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro  
"Roedores" Redrum Teatro

## a compañía - redrum teatro

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía.

"A Pensión", 2009  
"Moito Conto", 2011  
"Curriculum Vitae", 2012  
"Amor Flexible", 2013  
"Roedores", 2014  
"Noiteboa", 2015  
"A Nena Que Quería Navegar", 2016  
"A Canción do Elefante", 2017  
"Estás aí?", 2018  
"Contos do Recreo", 2018  
"Invisibles", 2018  
"IDIOTA", 2019  
"O mozo da última fila", 2020

## ELENCO

Guillermo	Guillermo Carbajo
Laura	Laura Míguez
Sheyla	Sheyla Fariña
Fer	Fernando González

## ficha artística

Dirección e adaptación	Alex Sampayo
Autor	Jordi Casanovas
Escenografía	Redrum Teatro
Construción	Escenaset
Iluminación	Carlos Álvarez-Ossorio
Vestuario e caracterización	María Illobre
Espazo sonoro	Davide González
Axte. produción	Rubén R. Porto
Produción	Redrum Teatro
Distribución	Guillermo Carbajo

## SINOPSE

Sheyla acaba de ser abandonada pola súa parella. Laura e Fer queren animar para que aproveite a oportunidade e faga realidade os desexos que aparcara: escribir. Traerán a cear a Guillermo. El é o poeta capaz de namorar a calquera cuns breves versos. Pero a Guillermo non lle van satisfacer as conversas banais nin os frívolos momentos de distensión. Guillermo desexa algo máis. Sheyla, Laura e Fer son máis fráxiles do que cren, as súas vidas penden dun fio, afóganse na dúbida, algo que Guillermo non vai desaproveitar.

Esta comedia negra estreada en Barcelona no 2010 recibiu o premio da crítica Serra D'or ao mellor texto teatral, o de mellor espectáculo nos premios Time Out no 2011, o premio Mi Butaquita de mellor obra no 2014 e estivo nomeada ao mellor texto catalán nos Premios Max do 2011

## datos técnicos

Duración aprox 75min

Fondo 5 metros  
Ancho 6 metros  
Alto 3 metros

Potencia luz 6.000 W  
Potencia son 1.000 W

Adaptable a calquera espazo

Redrum Teatro

617.334.627 - 692.632.733 [info@redrumteatro.com](mailto:info@redrumteatro.com)

[www.redrumteatro.com](http://www.redrumteatro.com)